XUNTA DE GALICIA

RECIBO DE PRESENTACIÓN NO REXISTRO ELECTRÓNICO DA XUNTA DE GALICIA

A solicitude, escrito ou comunicación para Solicitude electrónica xenérica presentada por XOSE BARREIRO PEREZ con NIF [redacted] tivo entrada no Rexistro Electrónico da Xunta de Galicia cos seguintes datos:

NÚMERO DE ENTRADA	DATA E HORA DA PRESENTACIÓN	DESTINO
2026/3272132	**12-11-2026 14:01**	**DIRECCIÓN XERAL DE XUSTIZA**

A seguinte táboa recolle un resumo electrónico da solicitude, escrito ou comunicación presentada e, se fose o caso, un índice e un resumo electrónico da documentación que se declara achegar:

Documento achegado	Nome do arquivo	Resumo electrónico do arquivo (Algoritmo SHA-256)
Solicitude	Solicitude-PR004A-20261112.pdf	80180B3D27AB5CD6E3CAEEB94BCA8123F12F610C0D144E630D5EC94D6E204CC0
Escrito solicitude de programacion de simulacros	2026-11-12 Escrito DXX solicitude de inclusion dos sim.pdf	D6E9D65DE7BB2DB45772ADD8786B7AA11332B1EF9D3F2153C567AFF6DF88AACD
Documentos anexos solicitando anteriormente simulacros	DOCUMENTACION ANEXA SOLICITUDE SIMULACROS 2027.pdf	72CF9586DEA6C6FAE3FDA3007620849A14401761AE3CA74683909FD3E7233273

CVE: [redacted]
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve
sinado por REXISTRO ELECTRÓNICO DA XUNTA DE GALICIA
Data e hora: 12-11-2026 14:01

Confederación Intersindical Galega

DIRECCIÓN XERAL XUSTIZA
Rúa Madrid, 2-4, 2º andar – Pol.Fontiñas
15781 Santiago de Compostela

SERVIZO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

ASUNTO: SOLICITUDE DE INCLUSIÓN E PROGRAMACIÓN DOS SIMULACROS DE EMERXENCIA E EVACUACIÓN NAS SEDES XUDICIAIS DE GALICIA PARA O ANO 2027.

Este sindicato, no exercicio das súas funcións de representación e defensa dos dereitos do persoal empregado público, e en materia de prevención de riscos laborais, diríxese a esa Dirección Xeral para solicitar que se inclúa na programación correspondente ao ano 2027 a realización dos simulacros de emerxencia e evacuación en todas as sedes xudiciais de Galicia.

Esta solicitude ten a súa orixe na necesidade de garantir que todos os edificios xudiciais dispoñan dunha planificación efectiva e actualizada dos simulacros de emerxencia, permitindo comprobar periodicamente a eficacia dos plans de evacuación, a adecuación dos procedementos de actuación e o grao de preparación do persoal ante unha eventual situación de emerxencia.

Cómpre lembrar que esta cuestión xa foi trasladada por este sindicato entre os asuntos propostos para seren tratados na reunión do Comité de Seguridade e Saúde celebrada o día 10 do presente mes, aínda que finalmente non foi posible abordala por falta de tempo.

Así mesmo, esta cuestión foi comentada coa subdirectora, D.ª Verónica Tellado Barcia, quen indicou que a solicitude debía terse incluído na programación correspondente ao ano 2027.

Porén, á vista do correo electrónico remitido por esa Dirección Xeral para a elaboración da programación anual de prevención de riscos laborais para o ano 2027, no que se solicitaba que se indicasen, por orde de preferencia, os centros que debían ser avaliados polos técnicos do Servizo de Prevención de Riscos Laborais, entendemos que esa comunicación se refería especificamente ás avaliacións dos centros de traballo e non á programación dos simulacros de emerxencia e evacuación.

Firmado por BARREIRO PEREZ JOSE (FIRMA) el día 12/11/2026 con un certificado emitido por AC DNIE 005

Trátase de actuacións de distinta natureza, xa que a realización dun simulacro non constitúe unha avaliación de riscos propiamente dita, senón unha actuación preventiva destinada a comprobar a eficacia dos procedementos de emerxencia e evacuación e a preparación das persoas que traballan ou utilizan as instalacións.

Por este motivo, este sindicato remitiu a esa Dirección Xeral unha relación de centros nos que non se realizou ningún simulacro ou nos que transcorreu un período considerable de tempo desde a última realización, coa finalidade de que estes edificios sexan considerados e incorporados á programación específica de simulacros para o ano 2027.

1. SITUACIÓN ACTUAL E ANTECEDENTES COÑECIDOS

Como exemplo da situación existente, cómpre sinalar os seguintes antecedentes dos que ten coñecemento este sindicato:

- **Pontevedra:** non dispoñemos de información confirmada nin dunha data coñecida que permita determinar se se realizou o correspondente simulacro de evacuación. Esta situación xa foi denunciada por este sindicato o 15 de marzo de 2024.
- **Vigo:** na Cidade da Xustiza realizouse un exercicio de evacuación o 24 de outubro de 2024.
- **A Coruña:** o último simulacro do que temos constancia realizouse en outubro de 2018.
- **Lugo:** o último simulacro do que temos constancia realizouse o 20 de xaneiro de 2017.
- **Ourense:** o último simulacro do que temos constancia realizouse o 10 de outubro de 2025.
- **Ferrol:** non dispoñemos de información confirmada nin dunha data coñecida que permita determinar se se realizou o correspondente simulacro de evacuación.
- **Santiago:** non dispoñemos de información confirmada aínda que aparentemente no 2018 houbo unha intervención da Inspección de Traballo nese senso polo que igual se realizou o correspondente simulacro de evacuación nese ano.

Estes antecedentes poñen de manifesto a necesidade de dispoñer dunha planificación coordinada, actualizada e verificable que permita comprobar a realización das actuacións preventivas necesarias en todas as sedes xudiciais, evitando que existan edificios nos que transcorran anos sen que se teña constancia da realización dun simulacro ou nos que nin sequera se coñeza a súa programación.

Cómpre salientar que a falta de información sobre a realización dun simulacro non permite afirmar por si soa que este non se efectuase. Porén, a ausencia de comunicación, rexistro e planificación coñecida impide comprobar o cumprimento efectivo das medidas preventivas e avaliar o grao de preparación ante unha eventual emerxencia.

Firmado por BARREIRO PEREZ JOSE (FIRMA) el día 12/11/2026 con un certificado emitido por AC DNIE 005

A prevención non pode quedar reducida á existencia formal de protocolos ou plans de autoprotección, senón que debe incluír a súa aplicación práctica, a comprobación periódica da súa eficacia e a información e formación necesarias para que o persoal poida actuar con seguridade.

2. NECESIDADE DE ESTABLECER UNHA ORDE DE PRIORIDADE

Este sindicato considera que a programación dos simulacros para o ano 2027 debe establecerse atendendo a criterios obxectivos de prioridade, tendo especialmente en conta:

- En primeiro lugar, os edificios nos que non se teña constancia da realización de ningún simulacro ou nos que nunca se realizase un exercicio de evacuación.
- En segundo lugar, os edificios nos que transcorrese un maior período de tempo desde a realización do último simulacro.
- En terceiro lugar, aqueles centros nos que, aínda que se realizasen simulacros en datas máis recentes, resulte necesario repetir os exercicios para garantir unha periodicidade adecuada e comprobar a eficacia dos procedementos establecidos.

Esta orde de prelación debe permitir que os edificios que levan máis tempo sen realizar simulacros, ou nos que non existe constancia da súa realización, reciban unha atención prioritaria na programación de 2027, evitando que a planificación se limite a repetir actuacións nos centros nos que xa se realizaron exercicios recentemente. Por todo iso, en canto as sedes máis grandes, deberían de facerse os simulacros en Pontevedra, Ferrol e Santiago, todo iso sen prexuízo de programar tamén simulacros no resto de sedes empezando por naquelas de 4 e 3 prazas.

3. SOLICITUDE

Por todo o exposto, **ESTE SINDICATO SOLICITA Á DIRECCIÓN XERAL:**

PRIMEIRO. Que se revise a situación actual dos simulacros de emerxencia e evacuación en todos os edificios xudiciais de Galicia, incluíndo as sedes das cidades, das vilas e os xulgados de paz, e que se facilite información sobre a data de realización do último exercicio en cada sede, así como sobre aqueles centros nos que non exista constancia da súa realización.

SEGUNDO. Que se incorpore á programación anual de prevención de riscos laborais correspondente ao ano 2027 unha planificación específica dos simulacros de emerxencia e evacuación nas sedes xudiciais galegas, diferenciada da programación de avaliacións de riscos que realizan os técnicos do Servizo de Prevención.

TERCEIRO. Que se elabore e aprobe un cronograma anual, programado e coordinado, que contemple a realización efectiva dos simulacros durante o ano 2027, establecendo datas ou períodos previstos de realización e garantindo unha

Firmado por BARREIRO PEREZ JOSE (FIRMA) el día 12/11/2026 con un certificado emitido por AC DNIE 005

periodicidade adecuada en función da avaliación dos riscos, das características de cada edificio, dos plans aplicables e da normativa vixente.

CUARTO. Que a programación inclúa expresamente todas as sedes xudiciais, tanto as situadas nas principais cidades galegas como as correspondentes ás vilas e as oficinas de xestión dos municipios, evitando desigualdades na aplicación das medidas preventivas e garantindo que ningunha instalación quede á marxe da planificación que lle corresponda.

QUINTO. Que se estableza unha orde de prelación para a realización dos simulacros, dando prioridade aos edificios nos que nunca se realizase un exercicio de evacuación ou nos que non exista constancia da súa realización e, a continuación, aos centros nos que transcorrese un maior período de tempo desde o último simulacro efectuado.

SEXTO. Que se estableza un sistema de rexistro e seguimento dos simulacros realizados, no que consten, cando menos, a data, o edificio afectado, o tipo de exercicio, as incidencias detectadas, os resultados da avaliación e as medidas correctoras propostas ou adoptadas.

SÉTIMO. Que se informe a os delegados e delegadas de prevención sobre a planificación prevista, a súa execución e os resultados dos exercicios, facilitando a participación e o seguimento das actuacións preventivas nos termos establecidos pola normativa vixente.

OITAVO. Que se revisen os plans de emerxencia e evacuación dos edificios xudiciais e se comprobe que o persoal coñece os procedementos de actuación, as vías de evacuación, os puntos de encontro e as funcións asignadas en caso de emerxencia, garantindo a formación e información necesarias.

NOVENO. Que se dea resposta expresa a esta solicitude e se informe a este sindicato das previsións existentes para incorporar os simulacros á programación de 2027, así como dos criterios que se aplicarán para determinar a orde e o calendario da súa realización.

Consideramos que a realización dos simulacros de emerxencia e evacuación non debe quedar supeditada unicamente á existencia formal dun plan de autoprotección, senón que debe constituír unha actuación preventiva efectiva, planificada e periódica, imprescindible para garantir a seguridade e a saúde do persoal empregado público e das persoas usuarias das instalacións xudiciais.

Non resulta admisible que existan sedes xudiciais nas que transcorran oito ou nove anos sen que se teña constancia da realización dun simulacro, ou nas que non exista información suficiente para coñecer se estes exercicios se están levando a cabo.

Por iso, entendemos que a programación correspondente ao ano 2027 constitúe unha oportunidade para corrixir estas carencias, establecer criterios homoxéneos de actuación e garantir que todas as sedes xudiciais de Galicia

Firmado por BARREIRO PEREZ JOSE (FIRMA) el día 12/11/2026 con un certificado emitido por AC DNIE 005

conten cunha planificación real e verificable dos simulacros de emerxencia e evacuación.

Documentación que se achega:

- Escrito solicitando os simulacros, con data 21/10/2026 e o seu xustificante.
- Escrito remitido á Dirección Xeral cos puntos a tratar no comité de seguridade e saúde do día 10/11/2026 no que figuraba os simulacros e que dado o tempo non se puido tratar na devandita reunión.
- Correo solicitándonos ós centros para avaliación para o ano 2027.

Así mesmo, en relación cos simulacros, solicitamos que conste en acta que este asunto figuraba entre os puntos remitidos por esta central sindical para tratar na reunión do Comité do día 10.

Dado o escaso tempo dispoñible para abordar todos os asuntos incluídos na orde do día, trasladóusenos que remitísemos aqueles puntos que non puideran ser tratados durante a reunión, co fin de que a Dirección Xeral puidese emitir a correspondente resposta.

Por todo o exposto, solicitamos que conste expresamente esta circunstancia e que o presente escrito se incorpore como anexo á acta da reunión do Comité de Seguridade e Saúde do día 10 de novembro, para que quede constancia formal do asunto exposto e da solicitude de resposta por parte da Dirección Xeral.

En Vigo, na data da sinatura.

P.O.

Firmado por BARREIRO PEREZ JOSE (FIRMA) el día 12/11/2026 con un certificado emitido por AC DNIE 005